



CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

EXPEDIENTE 587/2025.-

LISTA DEFINITIVA DE ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, DESIGNACIÓN DOS MEMBROS DO TRIBUNAL, DATA DE CONSTITUCIÓN DO TRIBUNAL E DATA DO PRIMEIRO EXERCICIO DO PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUNHA PRAZA DE COORDINADOR/A INFORMACIÓN XERAL-AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C - SUBGRUPO C2, E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA.

Por Decreto nº 2026-0396 de data 15/05/2026 aprobáronse as BASES REGULADORAS PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUNHA PRAZA DE COORDINADOR/A INFORMACIÓN XERAL-AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C - SUBGRUPO C2, E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA, outorgando un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO nº 100, xoves , 28 de maio de 2026).

Por Decreto nº 2026-0482 de data 23/06/2026 rectificouse un erro material das BASES REGULADORAS PROCESO SELECTIVO PARA O NOMEAMENTO DE FUNCIONARIO/A INTERINO/A DUNHA PRAZA DE COORDINADOR/A INFORMACIÓN XERAL-AUXILIAR ADMINISTRATIVO, ESCALA DE ADMINISTRACIÓN XERAL, GRUPO C - SUBGRUPO C2, E FORMACIÓN DE LISTA DE RESERVA, publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e na súa páxina web <https://pazosdeborben.gal> no 30/06/2026 e no BOPPO nº 122 , martes 30 de xuño de 2026.

Finalizado o prazo fixado para presentar solicitudes, por resolución de nº 2026-0476 de data 19/06/2026 aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos dando un prazo de tres días hábiles ós efectos de reclamacións a partir da data de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>. (22/06/2026).

Transcorrido o citado prazo sen que se produciran reclamacións, de acordo co establecido na base sexta e concordantes das bases deste proceso selectivo, e de conformidade coas atribucións que me confire a normativa vixente de réxime local

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aprobar a lista definitiva de admitidos e excluídos do proceso de selección arriba indicado, que se relaciona a continuación, con especificación dos motivos da exclusión.

Aspirantes admitidos:

	APELIDOS E NOME	DNI	DATA DE PRESENTACIÓN
1	ESTEBAN MOURIÑO CERNADAS	***6153**	01/06/2026
2	MARÍA VICTORIA ALONSO MÉNDEZ	***7185**	06/06/2026

DECRETO
Número: 2026-0497 Data: 01/07/2026

Cod. Validación: AHPP3IX4YR2EPS07KH7P5DPYK
Corrección: <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

3	CARLA PORTELA RODRÍGUEZ	***1075**	05/06/2026
4	IRIA PRADO RODRÍGUEZ	***4258**	06/06/2026
5	SUSANA MARÍA SANDE VÁZQUEZ	***2443**	08/06/2026
6	NOELIA MÍGUEZ GIRÁLDEZ	***0934**	09/06/2026
7	IRENE OTERO VEIGA	***7921**	09/06/2026
8	JAVIER CABIRTA CABALEIRO	***9531**	10/06/2026

Aspirantes excluídos:

Non hai.

SEGUNDO.- Designar como membros do tribunal para o procedemento de selección, de conformidade co establecido na base 6º das aprobadas, trasladando esta resolución aos/ás compoñentes do tribunal cualificador, a:

1.- Presidente: Andrés Carlos Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais funcionario da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Marcos Aramburu García-Pintos, xefe do negociado de programación adscrito ao Servizo de Novas Tecnoloxías, funcionario da Deputación de Pontevedra.

2.- Secretaria: Alexandra Tato Torres, xefa de negociado de Tesourería, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

Suplente: José Antonio Gulías Varela, xefe de negociado de Contratación, funcionario da Deputación de Pontevedra.

3.- Vocal: Andrés Veiga Rodriguez, administrativo do servizo de Cooperación, funcionario da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Bárbara Gutiérrez Paz, administrativa do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

4.- Vocal: Rubén Gómez González, programador adscrito ao servizo de Novas Tecnoloxías, funcionario da Deputación de Pontevedra.

Suplente: Patricia Nogueira Beade, técnica de xestión do servizo de Cooperación, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

5.- Vocal: Marta Freire Quintas, técnica de xestión adscrita a Secretaría Xeral, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

Suplente: María Barreiro Tosar, técnica de xestión tributaria do ORAL, funcionaria da Deputación de Pontevedra.

TERCEIRO.- Data de constitución do tribunal, data da primeira proba e convocatoria de de aspirantes e tribunal:

- Convocar ó tribunal para o **martes 14.07.2026** ás 13:00 horas, nas Dependencias da Deputación de

DECRETO
Número: 2026-0497 Data: 01/07/2026

Cod. Validación: AHPP3IX4YR2EPS07KH7P5DPYK
Corrección: https://pazosdeborben.selección.electronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3





CONCELLO DE PAZOS DE BORBEN
(PONTEVEDRA)

Pontevedra, situado no lugar de Avda Montero Ríos, s/n (36071) , Pontevedra coa finalidade de permitir a adecuada organización das tarefas necesarias para a elaboración e desenvolvemento da primeira proba.

-Convocar ao tribunal e ás persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio do proceso de selección (cuestionario tipo test) o xoves 23.07.2026 ás 10:00 horas no salón de actos do concello de Pazos de Borbén (Pazos nº52, 36841 Pazos de Borbén).

Os aspirantes deberán presentarse co DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade de conformidade co sinalado no artigo 8 das bases.

CUARTO.- Publicar esta resolución no taboleiro de anuncios da sede electrónica (<https://pazosdeborben.sedelectronica.gal>) do Concello de Pazos de Borbén e na súa páxina web, <https://pazosdeborben.gal>.

QUINTO.- Contra a resolución que aprobe a lista definitiva, as persoas interesadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición, diante da alcaldía, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da mesma. Por outra banda, os interesados tamén poderán formular un recurso contencioso administrativo diante da Sección do Contencioso Administrativo do Tribunal de Instancia de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende a citada publicación, sen prexuízo de calquera outro que estime pertinente.

Así mesmo, os interesados poderán recusar aos membros do Tribunal cualificador, no prazo de tres días naturais dende a publicación da súa composición, cando, ao seu xuízo, conorra neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

En Pazos de Borbén, mándao e asínao o Sr. Alcalde.

O DECRETOU O SR. ALCALDE – PRESIDENTE O DÍA DA DATA DA SÚA SINATURA ELECTRÓNICA, DO QUE EU, SECRETARIA – INTERVENTORA DESTE CONCELLO, DOU FE, MEDIANTE SINATURA DIXITAL AO MARXE.

DECRETO
Número: 2026-0497 Data: 01/07/2026

Cod. Validación: AHPP3IX4YR2EPS07KH7P5DPYK
Corrección: <https://pazosdeborben.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3

